

PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
10/12/2008	Sala de Plenos do Consello Social da UDC Centro Universitario de Riazor R/ Almirante Lángara, s/n. A Coruña - España	19:00 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL D. Antonio Abril Abadín</p> <p>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. José María Barja Pérez. Reitor D. Xosé Manuel Carril Vázquez. Secretario Xeral D. Manuel Galdo Pérez. Xerente</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. Luis F. Barral Losada D. José Felipe Fernández López</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</p> <p>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA D. Juan Carlos González Fernández D^a. Sonia Romero Teijo D^a. Rosa Salvo del Canto D. Marcelo Castro-Rial Schuler</p> <p>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA D^a Olga Patiño Doval</p> <p>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS D. José Carrillo Souto D. Xosé Luis Seixo Fernandez</p> <p>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS D. Antonio Couceiro Méndez D. Francisco Santiáñez Orero</p> <p>E) DESIGNADOS POLAS CC.LL DOS CONCELLOS DOS CAMPUS</p> <p>SECRETARIO D. Enrique Muñoz Lagarón</p>		

O presente documento foi elaborado só a efectos informativos, en cumprimento do previsto no art. 6.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDOS ADOPTADOS
<ul style="list-style-type: none"> - Apróbase a acta da última sesión do Pleno do Consello Social do día 13 de novembro de 2008 en sesión extraordinaria.
<ul style="list-style-type: none"> - Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 20.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Social da UDC, aprobar o seguinte calendario de plenos para o ano 2009: 5 de marzo, 4 de xuño, 24 de setembro e 17 de decembro.
<ul style="list-style-type: none"> - Apróbase o anteproxecto de orzamento de gastos do Consello Social para o exercicio 2009, para os efectos da súa integración no proxecto de orzamentos xerais da Universidade, segundo consta na documentación remitida conxuntamente coa convocatoria.
<ul style="list-style-type: none"> - Apróbanse os prezos públicos do Servizo de Apoio á Investigación para o ano 2009, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.
<ul style="list-style-type: none"> - Apróbanse os prezos públicos do préstamo interbibliotecario para o ano 2009, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.
<ul style="list-style-type: none"> - Infórmase favorablemente, ao abeiro do disposto no art. 4 i) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos funcionario da Universidade da Coruña.
<ul style="list-style-type: none"> - Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a avaliación positiva do complemento autonómico por cargos de xestión proposto pola Comisión de Organización Académica e Profesorado da Universidade da Coruña, logo da valoración realizada pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
<ul style="list-style-type: none"> - Adóptanse os seguintes acordos, en relación á Fundación Centro Tecnolóxico Textil: <ul style="list-style-type: none"> - Aprobar a participación da Universidade da Coruña na Fundación Centro Tecnolóxico Textil. - Aceptar os Estatutos da Fundación Centro Tecnolóxico Textil que acompañarán á escritura de constitución no momento da súa formalización ante Notario - Manifestar a vontade da Universidade da Coruña de achegar á dotación da futura Fundación a cantidade de 24.000,00 euros. - Designar a D. José María Barja Pérez, maior de idade, con domicilio na Reitoría, Praza da Maestranza, Reitor da Universidade da Coruña, para intervir, nos trámites da constitución da Fundación Centro Tecnolóxico Textil, de conformidade cos requisitos esixidos pola lexislación vixente aplicable, e, como futuro membro do Padroado da Fundación, en representación da Universidade da Coruña.

- Adóptanse os seguintes acordos en relación á Fundación Centro de Investigación Tecnolóxica para a Autonomía Persoal e os Colectivos Dependentes (ASISTA).
- Aprobar a participación da Universidade da Coruña na Fundación Centro de Innovación Tecnolóxica para a autonomía persoal e os colectivos dependentes (ASISTA).
- Aceptar os Estatutos da Fundación Centro de Innovación Tecnolóxica para a autonomía persoal e os colectivos dependentes (ASISTA).
- Manifestar a vontade da Universidade da Coruña de achegar á dotación da futura Fundación a cantidade de 10.000,00 euros.
- Designar a D. José María Barja Pérez, maior de idade, con domicilio na Reitoría, Praza de Maestranza, A Coruña, Reitor da Universidade da Coruña, para intervir, nos trámites de constitución da Fundación Centro de Innovación Tecnolóxica para a autonomía persoal e os colectivos dependentes (ASISTA), de conformidade cos requisitos esixidos pola lexislación vixente aplicable, e, como futuro membro do Padroado da Fundación, en representación da Universidade da Coruña.

- Apróbbase a creación dos seguintes títulos de grao:
 - Comunicación Audiovisual pola UDC
 - Grao en Educación Infantil pola UDC
 - Grao en Educación Primaria pola UDC
 - Grao en Dereito pola UDC
 - Grao en Humanidades pola UDC
 - Grao en Información e Documentación pola UDC
 - Grao en Enxeñaría da Edificación pola UDC
 - Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto pola UDC
 - Grao en Enfermaría pola UDC
 - Grao en Podoloxía pola UDC
 - Grao en Fisioterapia pola UDC
 - Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos pola UDC

- Apróbbase a creación dos seguintes títulos de máster:
 - Máster universitario en Láseres e Espectroscopia Avanzada en Química (Quimiláser) pola UDC (interuniversitario)
 - Máster universitario en innovación, Orientación e Avaliación Educativa pola UDC
 - Máster universitario en Psicoloxía aplicada pola UDC
 - Máster universitario en Xestión e Políticas Públicas pola UDC
 - Máster universitario en Computación pola UDC
 - Máster interuniversitario de Investigación en Tecnoloxías da Información pola UDC
 - Máster interuniversitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética pola UDC
 - Máster universitario en Lingüística e as súas aplicacións (interuniversitario)

- Acórdase aprobar a Programación Plurianual 2009-2010 da Universidade da Coruña, ao abeiro do disposto no art. 4 b) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.

- Apróbbase, ao abeiro do disposto no art. 4 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, o orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio económico de 2009, co documento complementario "Instrucións para

regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2009 ao orzamento de gastos de 2010”, tal e como consta nos documentos que se acompañan a acta baixo o título “Orzamentos 2009”. Acórdase, do mesmo xeito, a aprobación do documento “Plan operativo anual 2009” do Plan Estratéxico da Universidade.